

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA DO PLENO ORDINARIO DE MARZO DE 2022

EXPEDIENTE GD: 2929/2022

ANTECEDENTES:

En virtude das atribucións que me confire o artigo 21.1.c da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 78 do Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro e, en cumprimento do acordo plenario de organización da Corporación Local sobre periodicidade das sesións plenarias ordinarias (Pleno 02.07.2019), **RESOLVO:**

Primeiro. Convocar **sesión ordinaria** do pleno do Concello que terá lugar o vindeiro xoves 31 de marzo de 2022, no Salón de Plenos do Concello, ás vinte horas e trinta minutos (20.30 horas).

A) PARA DAR CONTA:

Punto primeiro. Dar conta ao pleno da corporación dos decretos ditados pola Alcaldía dende a última sesión plenaria ordinaria.

Punto segundo. Dación de conta do Plan orzamentario a medio prazo do Concello de Ames 2023-2025.

B) PARA DELIBERACIÓN E ACORDO:

Punto terceiro. Aprobación, se procede, de actas anteriores (sesión ordinaria de 24.02.2022, sesión extraordinaria de 09.03.2022).

Punto cuarto. Proposta de aprobación e sinatura do convenio de colaboración entre a Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, S.A. S.M.E. e o Concello de Ames para facilitar o ingreso en contas de titularidade municipal de xiros postais empregados para o pagamento de débedas tributarias e outras débedas de dereito público.

Punto quinto. Recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2022/P.

Punto sexto. Aprobación definitiva restablecemento do equilibrio económico do contrato de concesión do centro deportivo municipal A Telleira (Ames).

Punto sétimo. Adxudicación do expediente de licitación tramitado por lotes (3 lotes) mediante procedemento aberto, varios criterios de adxudicación, tramitación anticipada e suxeito a regulación harmonizada dos Servizos de Monitores nos Programas Municipais de Conciliación (Comedores Escolares, Bos Días Cole e Tardes Divertidas) do Concello de Ames.

Punto oitavo. Definición e implementación da Axenda Urbana 2030 do Concello de Ames.

Punto noveno. Aprobación inicial modificación puntual nº 1 do PXOM de Ames. Reordenación do espazo urbano Avda. Peregrina - Trav. Lodeiro.

Punto décimo. Convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas para levar a cabo o acondicionamento da AC-544 dende a intersección da Avenida da Maía ata o PQ.0+610.



Punto décimo primeiro. Declaración institucional condenando a agresión a Ucraína, solicitando a retirada das tropas rusas e o respecto ao dereito internacional.

Punto décimo segundo. Declaración institucional de apoio á candidatura de Ángel Carracedo ao Premio Princesa de Asturias.

C) MOCIÓNS:

D) PARA CONTROL DO GOBERNO:

Punto décimo terceiro. Rogos e preguntas.

Segundo. Comunicar ás/ós señoras/es concelleiras/os que os asuntos que se tratarán na dita sesión atópanse a súa disposición para ser examinados na Secretaría Xeral a partir da data desta convocatoria. Non obstante, a documentación será remitida vía telemática os señores concelleiros/as xunto coa convocatoria.

No caso de non poder asistir á sesión plenaria, deberán acreditarlo con antelación suficiente ante esta Alcaldía.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes (artigo 46.2.c da Lei 7/1985, de 2 de abril) entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro).

Terceiro. Notifíquese en forma axeitada á legalidade.

O alcalde

José Blas García Piñeiro

O secretario acumulado

Resolución da DXAL de 08.03.2022

Dalmiro Núñez Méndez

